

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026807	Félix Muriel	Rianxo	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0218	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0218_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	4	45	54
MP0218_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	FRANCISCO JAVIER FERRÍN BROCOS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este deseño curricular corresponde ao módulo profesional de Formación E Orientación Laboral do Primeiro curso do Ciclo Medio en ATENCIÓN AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, pertencente a Familia Profesional SERVIZOS SOCIOCULTURALS E Á COMUNIDADE, cunha duración de 2.000 horas, impartido no IES FÉLIX MURIEL en Rianxo (A Coruña).

O perfil profesional do título de Técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.
- c) Realizar as tarefas de hixiene persoal e vestidura das persoas en situación de dependencia, achegando a axuda precisa, favorecendo ao máximo a súa autonomía nas actividades da vida diaria e mantendo cara a elas unha actitude de respecto e profesionalidade.
- d) Organizar a intervención relativa á alimentación, supervisando os menús, preparando os alimentos e administrándoos en caso necesario.
- e) Xestionar a documentación básica e o orzamento da unidade de convivencia, cun óptimo aproveitamento dos recursos e asegurando a viabilidade da xestión económica.
- f) Realizar as actividades de mantemento e limpeza do domicilio, garantindo as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado do ambiente e, de ser o caso, tramitando a documentación pertinente.
- g) Realizar as intervencións relacionadas co estado físico das persoas en situación de dependencia, seguindo as pautas establecidas e amosando en todo momento respecto pola súa intimidade.
- h) Realizar os traslados, as mobilizacións e o apoio á deambulación das persoas en situación de dependencia, empregando os protocolos e as axudas técnicas necesarias, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual (PAI) e adoptando medidas de prevención e seguridade.
- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.
- j) Dar resposta a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da actividade profesional, aplicando técnicas de primeiros auxilios.
- k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, e seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual.
- l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar persoas en situación de dependencia, familiares e persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.
- p) Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos, utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.



- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.
- s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas, no contexto laboral e no ambiente.
- v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- w) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Avaliación de riscos profesionais		24	19
2	Planificación e prevención de riscos na empresa		30	23
3	Dereito laboral		5	2
4	A relación laboral individual		25	20
5	As relacións laborais colectiva		8	6
6	Seguridade Social		14	13
7	Equipos de traballo		15	12
8	Proceso de inserción laboral e aprendizaxe ao longo da vida		7	5

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Avaliación de riscos profesionais	24

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de atención a persoas en situación de dependencia.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distingúronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apareceuse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprenderonse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
<b>CA1.5.1 Argumentouse a importancia de manter medidas de protección específicas das persoas sensibles, a maternidade e a lactación, e as referidas a menores</b>
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de atención a persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
<b>CA2.2.1 Identifícanse factores de risco e danos asociados á actividade laboral</b>
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
<b>CA2.3.1 Descríronse os danos profesionais asociados á labor das TAPSD clasificados polos factores que os provocan</b>
CA2.4 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

**Contidos**

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector de atención a persoas en situación de dependencia en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de atención a persoas en situación de dependencia.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Planificación e prevención de riscos na empresa	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
<b>CA3.7.1 Identifícanse os elementos do plan de prevención nos centros de traballo relacionados co sector laboral da atención ás PSD</b>
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade.
<b>CA3.8.1 Valorouse a importancia do plan de emerxencia no eido laboral das PSD</b>
CA4.1 Defínense as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
<b>CA4.2.1 Analizouse a sinalización propia do entorno laboral das TAPSD</b>
CA4.3 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
<b>CA4.3.1 Selecciónáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións laborais das TAPSD propostas.</b>
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
<b>CA4.4.1 Analizouse algún protocolo de actuación en caso de emerxencia propio da labor das TAPSD</b>
CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Dereito laboral	5

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúronse os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A relación laboral individual	25

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analízase o recibo de salarios e identifícanse os principais elementos que o integran.
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
OSindicatos de traballadores e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.

**Contidos**

Dereitos e deberes derivados da relación laboral.

Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

[Elementos das nóminas: análise](#)

Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.

Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	As relacións laborais colectiva	8

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
OSindicatos de traballadores e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Novos contornos de organización do traballo.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Seguridade Social	14

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
<b>CA3.3.1 Aplicáronse as bases de cotización e as cotas nunha proposta práctica determinada</b>
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Equipos de traballo	15

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en atención a persoas en situación de dependencia e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.
CA1.7.1 Valóranse os resultados obtidos en relación aos obxectivos propostos e a participación das e dos membros do equipo

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de atención a persoas en situación de dependencia segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Proceso de inserción laboral e aprendizaxe ao longo da vida	7

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
<b>CA4.3.1 Descríbense oportunidades formativas e laborais no estranxeiro</b>
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
<b>CA4.6.1 Descríbense as competencias asociadas co perfil de TAPSD</b>
<b>CA4.6.2 Seleccionáronse recursos formativos eficaces para a inserción laboral da TAPSD</b>
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
<b>CA4.7.1 Identifícanse diferentes fontes de emprego para o perfil de TAPSD</b>
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
<b>CA4.8.1 Elabórase un CV axeitado ao perfil profesional de TAPSD</b>
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.
<b>CA4.9.1 Descríbense diferentes alternativas de autoemprego relacionado co perfil de TAPSD</b>

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

**Contidos**

Definición e análise do sector profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Proceso de toma de decisións.

Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Técnicas e instrumentos de procura de emprego.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Teñen a consideración de mínimos exigibles aqueles criterios de avaliación establecidos como tales no deseño das unidades didácticas desta programación. Os mínimos guiarán o proceso de avaliación ordinaria do módulo, e serán a referencia para desenvolver as probas de recuperación das partes non superadas e as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua.

A PONDERACIÓN ESTABLECIDA PARA CADA INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN ESTÁ DETERMINADA NO APARTADO CORRESPONDENTE Á AVALIACIÓN DENTRO DE CADA UD, DENTRO DESTA MESMA PROGRAMACIÓN (PESO ESTABLECIDO PARA CADA CA, AVALIADO POR UN ÚNICO INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN CADA UN, TAL E COMO RECOMENDA O MANUAL DE ELABORACIÓN DE PROGRAMACIÓNS PARA A FP EN GALICIA)

En canto aos criterios de cualificación, sinalar que a avaliación do módulo farase en función dos CA do currículo e o peso (%) establecido para cada un no apartado de UD. Así, para acadar unha avaliación positiva no módulo, o alumnado deberá obter unha cualificación positiva (cualificación numérica igual ou maior que 5 sobre 10) en todos os CA considerados como mínimos exigibles tendo en conta o seu peso dentro da UD correspondente. Non será necesario superar as probas relacionadas con CA que non sexan declarados mínimos exigibles sempre que a nota global da UD sexa aprobado tendo en conta a ponderación dos instrumentos de avaliación.

Deste xeito, para calcular a cualificación final de módulo, ponderaranse as cualificacións obtidas nos CA dentro de cada UD, e esa cualificación será de novo ponderada segundo o peso que a propia unidade teña dentro da programación xeral (lembramos, sempre e cando os CA considerados mínimos teñan esa cualificación positiva).

A cualificación trimestral de cada alumna e alumno será a determinada pola media ponderada da cualificación obtida nos CAs UD correspondentes a ese trimestre. A cualificación numérica das avaliación trimestrais e a final serán en número enteiro entre 1 e 10, sen decimais

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A fase formativa da avaliación permite identificar anomalías no proceso de ensinanza e detectar precozmente os déficits na adquisición dos obxectivos por parte do alumnado para adoptar as medidas correctoras oportunas. Con todo, estas medidas resultan en ocasións insuficientes, polo que si algún alumno/a non acada unha cualificación positiva en CAs considerados mínimos exigibles, poderá realizar actividades de recuperación das mesmas nas datas comprendidas entre a terceira sesión de avaliación parcial e a avaliación final do módulo.

Estas actividades estableceranse de forma individualizada atendendo ás capacidades do alumno/a e incluírán as modificacións metodolóxicas pertinentes para facilitar que o alumnado poida acadar os niveis mínimos esixidos. Concretaranse para cada alumno/a tomando como referencia os RAs, CAs, contidos e obxectivos non acadados, a través da realización de actividades semellantes ás propostas durante o curso e/ou unha proba escrita.

O alumnado será informado mediante un Informe de Avaliación Individualizado que incluírá as cualificacións parciais ou valoracións de aprendizaxe outorgadas ata ese momento ao alumno/a, as medidas tomadas de reforzo educativo ou de flexibilización na duración das ensinanzas, as validacións ou exencións concedidas, as actividades propostas para a recuperación de módulos, e cantos outros aspectos de índole educativa se consideren.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011: o

número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% de faltas non xustificadas ou o 15% de faltas (sexan xustificadas ou non) respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o equipo docente valorarán as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido na correspondente NOF do centro. O alumnado con PD poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos. Para informar ao alumnado, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia no módulo superen o 6% respecto da súa duración total (8 non asistencias) no que se indicará que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Producírase a perda do dereito de avaliación continua cun total de 13 faltas de asistencia non xustificadas. Acada, comunicárase a perda do dereito á avaliación continua, quedando constancia do apercibimento e a comunicación de perda na Secretaría do centro.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá nunha proba escrita teórico-práctica que versará sobre os CAs mínimos esixibles do módulo, sendo necesario unha cualificación mínima de 5 sobre 10 en cada un deles para obter a avaliación positiva.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

### SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

O seguimento da programación será desenvolvido A TRAVÉS DA APLICACIÓN INFORMÁTICA ESTABLECIDA A TAL EFECTO POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE, "os centros (...) deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a aplicación informática web de programacións (...), para as entregas, para a supervisión e comprobación (...) tamén se debe utilizar a aplicación mencionada". O docente dará conta mensualmente nas reunións de equipo docente deste seguimento. No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e deixarase o correspondente modelo de Seguimento da programación anexo o acta de reunión do equipo docente ou do Departamento da familia profesional .

Ao final de curso realízase a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

### AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente será desenvolvida tanto de xeito continuo ao longo do proceso Recollendo información daqueles aspectos que sexa necesario mellorar para facelo no momento se a situación o permite, como o final de cada trimestre desenvolverase unha avaliación conxunta co alumnado a través dun diálogo aberto sobre o desenvolvemento do módulo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo establece o artigo 28 da Orde de 12 de xullo de 2011, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e alumna así como as súas capacidades. Nesta sesión a docente encargada da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre circunstancias, con incidencia educativa, do alumnado. O tratado nesta sesión e os acordos adoptados recolléranse nunha acta da que se entregará copia a Xefatura de Estudos, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta flexibilización modular refírese ao recollido no artigo 15 desta mesma Orde, que establece que o alumnado con NEAE poderá ser autorizado para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta a establecida con carácter xeral.

Esta solicitude será presentada pola Dirección do Centro, perante a Inspección Educativa.

Respecto do módulo en sí, ao inicio do curso a docente desenvolverá unha avaliación inicial para axustar a proposta educativa ao grupo.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15: De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Leiorgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral. A intervención educativa ante as necesidades específicas de apoio educativo responderá ao principio de inclusión, o que implica contemplar a diversidade do alumnado como norma e non como medida que corresponde ás necesidades duns poucos. A este respecto, garantiranse os principios estipulados no artigo 4 do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade: normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia. Terase tamén en conta o principio de "deseño para todos", estipulado no artigo 61 do Decreto 114/2010.

De feito, artículanse medidas para a atención da diversidade de intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe do conxunto de integrantes da aula, priorizando sempre as medidas de carácter ordinario e normalizador.

Para favorecer a atención á diversidade promúlgase a nivel organizativo unha actitude positiva na relación do profesor/a co alumnado, a interrelación do alumnado mediante diversidade de agrupamentos e traballo cooperativo, así como cambios nos elementos materiais e organizativos. As medidas a adoptar a este respecto serán:

- Adecuación da programación didáctica ao entorno e ao alumnado.
- Adecuación da organización da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxía baseada no traballo colaborativo e titorización entre iguais.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Realización de actividades de reforzo e recuperación.
- Desenvolvemento da acción tutorial.

A metodoloxía seleccionada contará con variedade de estratexias. Se favorecerá en todas elas a experiencia directa e a reflexión, a potenciación do proceso de ensinanza- aprendizaxe horizontal e a combinación de diferentes canles expositivos. As actividades serán diversas, favorecendo a libre elección de temáticas para atender aos diferentes intereses. A avaliación será continua para poder atallar e previr posibles necesidades.

Polo tanto, o equipo docente adaptará e xustificará as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo de atención. Con todo, cando o progreso dun alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo. Estas medidas serán individualizadas, tendo en conta as características particulares do alumno/a. Algunhas das posibles medidas a adoptar para axudar ao alumnado con dificultades son:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Desenvolver diversas actividades sobre un mesmo contido, variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a colocación do alumnado no lugar máis adecuado para cada persoa.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.

- Propoñer traballos colaborativos e actividades en pequenos grupos

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Considérase fundamental indagar na formación en valores do alumnado, co obxectivo non só de mellorar a súa capacitación profesional se non tamén de fomentar a conciencia crítica que lle permita participar con plena liberdade na sociedade que o rodea. A este respecto, a LOE (non modificada en este aspecto pola LOMLOE) establece entre os fins da educación a formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cooperación e solidariedade entre os pobos así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente (art 2), incorporando á competencia social e cidadá como parte das competencias básicas dos currículos.

En consecuencia, ademais de abordar os contidos relacionados cos valores contemplados no currículo (Decreto 226/2012), esta programación abordará de xeito transversal temáticas relacionadas coa educación en valores, fomentando no alumnado un comportamento responsable, autónomo, participativo, socialmente habilidoso e respectuoso co medio. A educación en valores tratarase dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns.

- Educación cívica. Criterios de actuación que favorezan intercambios e comportamentos de respecto, honestidade, tolerancia e flexibilidade coas demais persoas, propoñendo situacións que lle supoñan conflito ou dilema, en las que teña que reflexionar, valorar, argumentar, etc
- Educación para a convivencia. Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solución de consenso de xeito democrático; de-senvolveranse habilidades para o traballo en equipo.
- Educación para a saúde, respectando as normas de seguridade e hixiene no manexo de equipos e equipamentos e reflexionando sobre a necesidade de establecer normas de seguridade e hixiene persoais.
- Educación ambiental e da/o consumidor/a, de forma que o alumnado desenvolva criterios de uso racional dos recursos existentes, tomando conciencia da súa escaseza ou esgotamento.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, cunha actitude aberta a novas formas organizativas baseadas no respecto e prescindindo dos estereotipos de xénero, uso da linguaxe non sexista e actitude crítica fronte a expresións sexistas.
- Interculturalidade, traballando en todo momento dende o respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo, entendéndoos como un enriquecemento e un valor social e cultural.
- Educación para a competencia tecnolóxica. O alumnado utilizara as novas tecnoloxías na consulta de información técnica, nos informes, memorias e exposicións orais e escritas, promovendo un uso responsable das mesmas e valorando as novas formas de comunicación

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A presente programación prevé as seguintes actividades. Actividades suxeitas sempre á dispoñibilidade das empresas ou conferenciantes.

- Calquera visita que resulte factible por mor das actuais circunstancias sanitarias e que poida, nalgún momento, ser interesante para o proceso de aprendizaxe.
- Charlas-coloquio sobre o sector económico propio da especialidade
- Charlas sobre o autoemprego e creación de empresas.
- Participación das actividades programadas dende a Aula de Emprendemento

## 10. Outros apartados

### 10.1) Difusión da programación

En canto esta programación estea supervisada pola autoridade competente, o docente entregará ao alumnado un extracto desta programación a través da aula virtual, explicando claramente os criterios de avaliación e cualificación. Asimesmo, unha copia na que consten os apartados mínimos necesarios para a información do alumnado quedará para consulta na páxina web do centro.

### 10.2) Consideracións respecto da situación sanitaria

Debido á situación sanitaria provocada pola COVID-19, as ferramentas baseadas nas TICs acadan un maior protagonismo se cabe no proceso de ensino.aprendizaxe, consolidándose a aula virtual como ferramenta básica e necesaria para o avance deste proceso. Será labor da docente a dinamización da mesma, así como a motivación do alumnado para o seu uso.

As actividades propostas ao longo desta programación están deseñadas para ser desenvolvidas preferentemente na modalidade presencial, pero son o suficientemente flexibles para, no caso de que a situación sanitaria así o recomendase, e as autoridades educativas o decidiran, ser adaptadas paras as modalidades semipresencial ou telemática.

Estas actividades serán tamén adaptadas á modalidade telemática para o alumnado confinado por mor da COVID-19 co obxectivo de garantir a súa igualdade de oportunidades respecto do resto do grupo, Estas actividades serán tamén adaptadas á modalidade telemática para o alumnado confinado por mor da COVID-19 co obxectivo de garantir a súa igualdade de oportunidades respecto do resto do grupo, E IGUALMENTE SERÁN AS CONSIDERADAS NO CASO DUN CONFINAMENTO XERAL, PODENDO O ALUMNADO REALIZAR INFORMES E ACTIVIDADES GRUPAIS A TRAVÉS DE RECURSOS COLABORATIVOS (Dropbox, GoogleDrive, ETC) E SENDO ENTREGADOS A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL (DO MESMO XEITO QUE SE FAI NO CASO DE FORMACIÓN PRESENCIAL), SENDO RESOLTAS AS DÚBIDAS E O SEGUIMENTO A TRAVÉS DOS FOROS CORRESPONDENTES E A MENSAXERÍA PRIVADA, E SENDO PROGRAMADAS CON TEMPO SUFICIENTE PARA SER REALIZADAS E ENTREGADAS EN TEMPO E FORMA. DESTA MESMA FORMA PODERÁN SER ENTREGADAS ACTIVIDADES E INFORMES INDIVIDUAIS. AS PROBAS ESCRITAS SERÍAN PROGRAMADAS CON ANTELACIÓN SUFICIENTE, CONSISTINDO EN SUPOSTOS CON TEMPO LIMITADO REALIZABLES TELEMÁTICAMENTE.